



CONCELLO DE REDONDELA

BORRADOR

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO 24 DE FEBREIRO DE 2015

ORDE DO DÍA

- 1º Aprobación, de se-lo caso, da acta da sesión anterior (30/12/2014)
- 2º Repaso da situación dos orzamentos participativos 2014
- 2º Propostas para Orzamentos Participativos 2015
- 3º Varios (rogos e preguntas)

Reunidos en primeira convocatoria, no antigo preescolar do Viso e sendo ás 20,10 horas do día 24/02/2015, comparecen:

EN REPRESENTACIÓN DOS GRUPOS PCOS. MUNICIPAIS

PP Adelina Couñago Lara
PSOE: Fernando Covelo Rodríguez
BNG: Anxo Lusquiños López
AER: José Bernardo Crespo Abal

EN REPRESENTACIÓN DAS ASOCIACIÓNS VECIÑOS

1. Manuel Freire Collazo
2. Serafín Sobral Bouzón
3. María José Acevedo Santoro
4. María Nieves Sobral Pazo

EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE DE MONTES

1. Álvaro Cabaleiro Durán
2. Fernando Veiga Estévez

EN REPRESENTACIÓN DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS

1. Soledad Vidal Silva

EN REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN DE AUGAS

1. José Manuel Campelos Mariño

Preside a sesión a concelleira María José Barciela Barros por delegación do alcalde, actuando eu, Raquel Iglesias Blas, en calidade de secretaria.

Á presidenta declara constituída validamente a sesión, pasando ao coñecemento dos asuntos incluídos na orde do día.

1º APROBACIÓN, DE SER O CASO, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (30/12/2014)

A acta anterior é aprobada por maioría dos/as asistentes, coa abstención do representante do grupo municipal do BNG.



CONCELLO DE REDONDELA

A presidenta decide que a continuación se pase ao debate e votación do punto terceiro da orde do día

3º PROPOSTAS PARA ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS 2015

A presidenta solicita coñecer as propostas dos/as asistentes para as obras a realizar a cargo do orzamento participativo do ano 2015.

En primeiro lugar intervén Serafín Sobral Bouzón, que propón as seguintes actuacións:

1. A canalización das augas que descorren polo camiño da Moreira na Tomada ata a poza (Soutoxuste), xa que a miúdo se producen atascos debidos ás caen polas e follas que caen das árbores.
2. Arranxar a canalización soterrada que hai no camiño do Sobreiral onde o chiringuito, porque é moi estreito e se producen desbordamentos habitualmente.
3. Terminar o valado do camiño da baixada á praia pola parte pola parte do túnel

Dáse conta das propostas de inversión de María Nieves Sobral Pazos no escrito presentado no rexistro xeral o día 20/02/2015 con número 2015001929:

1. Pavimentación do camiño da Besada na zona que está caída, así como a canalización das augas de todo o camiño
2. Saneamento en Saramagoso
3. Pavimentación da estrada da Fonte de Saramagoso
4. Pavimentación da estrada no Camiño do Torreiro que vai dar ao Centro Cultural do Viso
5. Pavimentación do camiño de BalDRAMÓN
6. Acondicionamento da Fonte do Pío xunto co lavadeiro
7. Acondicionamento da Fonte de Clemente
8. Acondicionamento da Fonte de Saramagoso
9. Acondicionamento do pozo que está ao carón do transformador de Saramagoso
10. Canalización de augas no camiño do Castro
11. Canalización de augas no camiño da Barrileira
12. Bases para contenedores no barrio de Saramagoso
13. Un contenedor de papel-cartón na estrada do camiño do Castro

A presidenta responde que xa o Concello ten a previsión de facer as bases dos contedores e respecto dos coletes de papel hai que pedilos a medio ambiente. Non é necesario que se aplique o orzamento participativo.

Chegados a este punto, a presidenta solicita que se concreticen as peticións do gasto e recorda que o importe do orzamento é de 13.500,00.

Propón que se fagan as canalizacións solicitadas:

- unha en Soutoxusto (camiño da Moreira, Tomada)
- e a outra en canalización en Saramagoso (camiño do Castro).

A presidenta somete a proposta a votación, sendo aprobada por unanimidade.



CONCELLO DE REDONDELA

Respecto da canalización da Tomada, Serafín Sobral Bouzón presenta uns presupostos que solicitou a unha empresa, en dúas modalidades, dos que resultarn os seguintes importes: se queda a canalización aberta serían 6.500,00 e coa canalización pechada, que é o preferible, serían 7.500,00 €, sen incluír o IVE. A presidenta di que para a contratación hai que seguir o procedemento legal, pero os presupostos teñen valor como unha orientación sobre o custe desta canalización.

3º VARIOS (ROGOS E PREGUNTAS)

Unha vez acordado o destino dos orzamentos municipais, a presidenta pasa abrir un turno de rogos e preguntas para coñecer as necesidades da parroquia e actuacións necesarias a realizar.

A presidenta da conta do escrito presentado pola Asociación de veciños de Soutoxuste propoñendo as seguintes melloras:

- valla de protección no camiño Barranca de Cobas
- Reparar o camiño de Brea Vella e o lavadeiro roto por mor da caída do camión de kiwis
- Paso elevado que una o camiño da Capela co camiño do Pazo por enriba da N-550
- Sacar e cambiar a ubicación dun panel de anuncios da entrada á poza
- Reparar o afundimento na estrada do Meixueiro fronte do lavadeiro
- Fervenza de fernan ponte varanda de pedra país (de protección cmño da Castiñeira)
- Camiño da Castiñeira: Instalar alumeado público e colocar dúas reixas de recollidas de augas
- Camiño da Brea Vella pechada polo AVE
- Contedores de lixo no camiño de Setefontes
- Pídese formar unha brigada de limpeza coa xente do barrio a cargo do Concello.

Tamén da conta do escrito de María Soledad Vidal Dasilva, presentado o día 17/02/15 con número de rexistro xeral de entrada 2015001752.

1. Colocación dun espello no camiño da Nogueiriña.
2. Muros caídos en Cadaval
3. Contedores de lixo nas Sete Fontes
4. Canalización da auga da Mina,
5. Colocación de contedores de pilas na Nogueira
6. Arranxar o afundimento nos camiños do Casal do viso (Nogueira) e camiño Meixoeira (Soutoxuste).
7. Estado e situación sobre o camiño da Brea Vella (Soutoxuste)
8. Avances e situación da estrada do Viso e o estado da contorna do colexio Outeiro das Penas (Cesantes)

Preguntada por unha solicitude para realizar o desbroce nunha finca con maleza no camiño da Portela, a presidenta explica que xa requiriu á policía local que informara sobre a situación da finca e o estado maleza e para identificar ao dono, pero non viron ningunha anomalía.



CONCELLO DE REDONDELA

Preguntada sobre a situación xurídica dunha poza na Nogueira (obras do AVE), a presidenta di que o problema é que non se sabe certo onde está o límite porque non se sabe onde está o mojón.

Entende que a poza ten como función regar as fincas.

Como as fincas se venderon e supostamente coas cargas e dereitos reais que lles son inherentes, polo que entende que a poza pertence ás fincas.

Manuel Freire Collazo e José Bernardo Crespo Aval pensan que iso non é así, posto que as fincas están valladas pero deixaron fóra a poza. Cren que a poza xurde dun manantial que parece que sae doutras fincas e é de uso público.

A presidenta di que o vai confirmar.

Os asistentes preguntan sobre a legalidade da cetaria de Soutoxusto.

A presidenta informa que existe un expediente tramitado e aprobado en urbanismo dende 2008/2009, que conta con todos os permisos e autorizacións de Augas de Galicia e de Costas.

Manuel Freire Collazo di que ninguén foi informado nin consultado, nin tan sequera a cofradía de mariscadores/as.

A concelleira di que non era necesario na tramitación a información a cofradía nin a ningún colectivo ou asociación.

Que teñen todas os permisos e autorizacións e tamén a licenza municipal.

Posteriormente, a presidenta da conta da solicitude de Rosa Lago Alján con entrada no rexistro xeral o día 23/01/2015 con número 201500759 solicitando a colocación dunha marquesiña na parada de autobús que hai no alto do Viso. A presidenta toma nota.

A concelleira di que os contenedores de lixo nas Sete Fontes xa está pedidos dende o ano 2014.

Respecto da canalización da auga da Mina, a presidenta puntualiza no se pode facer directamente porque precisaría da autorización de Augas de Galicia.

Ao respecto dos contenedores de pilas, a presidenta di que xa están pedidos.

Manuel Freire Collazo indica que solamente está o soporte para colgar o contenedor.

A presidenta toma nota.

En canto aos afundimentos dos camiños di que xa se arranxaran, polo que antes de facer nada habería que facer un estudo para ver cal é o motivo e solucionaralo definitivamente.

O paso elevado para o colexio de Cesantes está solicitado e pendente da contestación da Deputación de Pontevedra.

Manuel Freire Collazo pon de manifesto a existencia dun terreo anexo ao colexio que está expropiado.

Pensa que podería habilitarse como aparcadoiro para os pais e nais que levan aos nenos/as ao colexio.

A presidenta di que antes de facer ningunha actuación habería que ver quen é realmente o titular do terreo.



CONCELLO DE REDONDELA

Serafín Sobral Bouzon quere saber o estado de tramitación das solicitudes presentadas á comisión do AVE.

No mesmo sentido, José Bernardo Crespo Abal di que existe un dossier de reclamacións e todas sen contestar e recorda ademais que están pendentes de reabrir moitos camiños que foron cerrados por mor das obras do AVE.

A presidenta di que o tema non o está levando ela. Sabe que se están solucionando moitas cousas.

Di que se vai a informar para poder contestar axeitadamente na próxima xuntanza.

A presidenta pasa a comentar os asuntos que non foron xa mencionados e discutidos nesta xuntanza:

A presidenta di que no camiño da Besada hai que reconstruír o muro.

Di que xa se acordou coa propietaria o arranxo e incluso para ampliar o muro por todo o longo da finca.

Está feita unha memoria e un proxecto polo técnico municipal cun orzamento de aproximadamente en 15.000,00 €.

Está pendente de incluírse nunha solicitude para unha subvención, pero deben incluírse obras por 20.000,00 €, polo que debe completarse o expediente e para iso están estudando outros proxectos, como por exemplo obras de ampliación da canalización que se fixo cos orzamentos participativos do ano 2014.

En canto ao saneamento en Saramagoso, a presidenta informa de que neste momento xa se está traballando no proxecto.

Respecto da pavimentación da estrada da fonte de Saramagoso, informa de que xa se fixo o saneamento e sólo queda asfaltar. Estase esperando a que conteste a Deputación de Pontevedra sobre unha subvención solicitada.

A pavimentación do camiño de Baldramón non é inmediata, porque aínda está sen facer o proxecto e é necesario facer os retranqueos e aliñacións para cumprir coa normativa de ancho de camiños.

Os acondicionamentos da fonte do Pío e o lavadeiro, o problema é que non se sabe quen son os propietarios dos terreos.

Xa se fixeron algunhas obras e está en bastante bo estado. Está previsto que en agosto e setembro se fagan algunhas obras de mantemento.

En canto á fonte de Clemente na Feixoeira, a presidenta di que está sempre encharcada. A solución sería canalizala pero haberá que estudar a forma máis axeitada de facelo.

Ao respecto da fonte de Saramagoso, a presidenta considera que non precisa ningunha obra neste momento.

Do acondicionamento do pozo a carón do transformador de Saramagoso, a presidenta di que habería que canalizar a auga, para o que sería mellor esperar ao mes de setembro que baixe o caudal.



CONCELLO DE REDONDELA

A continuación Manuel Freire Collazo denuncia que ao lado da igrexa do viso, na curva da estrada, hai un charco de auga.

A presidenta di que aí xa se meteu unha rella. Habería que estudar si é mellor meter outra ou que sexa de maior tamaño.

Os representantes da comunidade de montes expoñen que nas obras de asfaltado dun camiño en Saramagoso non foron avisados, aínda que así llo pediran expresamente ao anterior presidente do Consello parroquial.

Denuncian o verquido dos escombros producidos polas obras nos terreos da comunidade de montes.

A presidenta toma nota e di que llo trasladará ao concelleiro de vías e obras.

Anxo Lusquiños López, solicita coñecer o estado das obras que veñen solicitando nos campos deportivos de fútbol e no de futbito de A Gándara.

A presidenta di que no campo de fútbol non se vai facer nada de momento.

Di que ao ser unha propiedade da comunidade de montes, aínda que haxa vontade por parte do Concello, en principio a intervención do Concello non vai autorizar gastos de inversións nel. É un problema xurídico.

Os representantes da comunidade de montes móstranse dispostos a ceder terreos no caso de que se acorde realizar obras para ampliálo ou melloralo.

Con respecto ao campo de futbito, a presidenta di que o tema é máis complicado porque non se sabe de quen son os terreos.

Di que se vai informar sobre o tema dos dous campos. para a próxima xuntanza terá máis información.

José Bernardo Crespo Abal pregunta cómo está o tema do saneamento de Soutoxuste.

A presidenta explica que o saneamento xa estaba feito cando o seu partido chegou ao goberno no Concello pero que tiña problemas coa bomba que xa solventaron.

Sen embargo, os veciños non se están enganando á rede de sumidoiros porque lles sae caro facer a acometida.

Di que neste momento xa hai un proxecto de obra para achegar a rede ás casas e así non lles sexa tan custoso aos veciños o enganche.

José Bernardo Crespo Abal quere saber se a bomba funcionará adecuadamente, ao que a presidenta responde que pensa que si, pero ata que comece a funcionar non se saberá certo.

A presidenta di que vai a haber unha reunión cos veciños o día tres de marzo en O Viso para coñecer as súas necesidades e propoñan melloras.

Os representantes dos grupos políticos do BNG, AER e PSOE do Concello din que esa reunión cos veciños é un acto electoral do Partido Popular. Non están de acordo



CONCELLO DE REDONDELA

en que se traia esa publicidade ao Consello parroquial e que a reunión é un acto electoralista.

A comunidade de montes pregunta polo deslinde co termo municipal de Soutomaior. A concelleira di que se vai a informar mellor sobre o tema para a próxima xuntanza.

E, non habendo máis asuntos que tratar, a presidenta levanta a sesión, sendo as vinte horas e cincuenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria, dou fe.